

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 62

ano 10

xaneiro-febreiro 2016

140 aniversario de *O Tío Marcos d'A Portela* O PRIMEIRO XORNAL INTEGRAMENTE EN GALEGO


O 28 de decembro de 1884 a portada do xornal ***O Tío Marcos d'A Portela. Parrafeos co pobo gallego***, era un tanto singular. Consta de tres elementos que a diferenciaban do resto de parrafeos anteriores: o primeiro deles era o título habitual da cabeceira, invertido. En segundo lugar, tres caveiras no medio da portada, que introducen o terceiro elemento: un parágrafo único e centrado que rompía co esquema habitual a dobre columna da publicación, e que dicía así:

O Goberno d'a nación 'os santos inocentes gallegos, que son os promeiros que pagan, os que mais fillos dan pra guerra, os que menos obras públicas teñen 'a conta d'o Estado, os que nunca arman revolucióis, os que sempre sofren con pacencia os trabucos que lles botan 'o lombo, os que nunca logran o que piden anque pidan con xusticia, dedícalles como proba d' agasallo esta nova calaverada.

Este parrafeo trátase dunha **edición especial** co gallo da festividade dos **Santos Inocentes**, cun carácter máis acedo e satírico do que viña sendo habitual na publicación. O texto da portada pretende ser unha crítica do Goberno de Madrid e das elites locais, marxinatoras do campesiñado galego, o cal oprimen e explotan. Mais tamén pretende ser unha chamada de atención aos propios campesiños, despolitizados, para que tomen conciencia de si. Isto demostra que ***O Tío Marcos d'A Portela*** foi unha publicación precursora na loita polos dereitos dos labregos, ademais de preludio dos **movementos agraristas**.

En canto á forma e ao contido, nas dúas primeiras páxinas interiores publicábase un texto satírico en verso rimado, posto en boca dun personaxe anónimo, decorado con pequenas ilustracións. Nas páxinas centrais incorporábase unha ilustración a dobre páxina completa (o cal non era habitual noutros *parrafeos*) na que se representa a chegada dun tren a Ourense. Non hai que esquecer o contexto da época, xa que este medio de transporte supuxo unha auténtica revolución tecnolóxica e foi o símbolo do “progreso”. A implantación do ferrocarril na nosa cidade tivo lugar no mes de xuño de 1881, cando queda inaugurada a liña Vigo-Ourense coas primeiras viaxes de pasaxeiros e mercadorías.

Por último, aparecen a sección habitual *Casos e cousas* (coa cabeceira tamén invertida) e uns poemiñas satíricos. A contraportada do *parrafeo* é tamén moi singular, xa que no canto da habitual publicidade aparecen unha serie de pequenas ilustracións: un querubín, un león...




O Tío Marcos d'A Portela. - Ano 6, parrafeo 59 (18 decembro 1884).- - Ourense: Imprenta d'A Propaganda gallega, 1884.- - 31 x 32 cm.

AHPOu, Colección de prensa, carpeta 9

O Tío Marcos d'A Portela

Fundado e publicado por Valentín Lamas Carvajal en 1876 na cidade de Ourense, trátase **do primeiro xornal escrito integramente en galego**. Inicialmente quincenario, pasou enseguida a ter unha periodicidade semanal. O primeiro *parrafeo* foi publicado o 7 de febreiro de 1876 e o xornal continuou a publicarse até chegar a unha cifra próxima aos cincocentos números durante as súas tres fases de vida: a **primeira época** (1876-1880), a **segunda época** (1883-1889) e a **terceira época** (1917-1919); esta xa anos despois da morte de Lamas Carvajal, cando o xornal foi recuperado brevemente polas Irmandades da Fala de Ourense.



Exlexia de Vicente Risco a Lamas Carvajal, publicada no Tío Marcos (3ª época, 1918, maio, 26. A Coruña). AHPOu, Colección de prensa, carpeta 9.

Acadou unha popularidade enorme na época, chegando a ter, ao ano e medio da súa publicación, tiraxes de **4 000 exemplares** (moito maiores que as de diarios nacionais contemporáneos, que roldaban os 2 000 exemplares). O xornal estruturábase en diversas seccións como *Os meus compañeiros de monteira* ou *Parrafeos d'aldea*, que contaban historias que lle sucedían ao tío Marcos; *Casos e cousas*, que eran breves recompilacións de sucesos que ocorrían en Ourense e arredores, nunha especie de crónica social; e tamén había sección de cartas e anuncios de negocios locais, e en numerosas ocasións, avisos do editor por subscricións non pagas.

A liña editorial do xornal defendía o campesiñado galego, denunciando a súa situación de penuria económica; e así considérase a Lamas Carvajal precursor dos movementos agraristas posteriores. Pese ás grandes taxas de analfabetismo da época, *O Tío Marcos*, coa súa escrita do galego falado, chegou ao público campesiño grazas ás lecturas públicas, cumprindo así o obxectivo de achegar a lingua galega escrita e a cultura ao pobo. Mais non se debe esquecer o trasfondo burgués da publicación.

Valentín Lamas Carvajal

Valentín Lamas Carvajal naceu en Ourense, cidade na que permanecerá a maior parte da súa vida, o 1 de novembro de 1849. En 1870 trasládase a Santiago de Compostela para estudar Medicina, que tivo que abandonar por mor dunha enfermidade ocular que o acabaría deixando cego. Mais a de Compostela non foi unha experiencia baldía, xa que lle serviu para establecer contacto coa intelectualidade galega da época, inserta no que se deu en chamar **O Rexurdimento** (1833-1914), proceso de recuperación e difusión da lingua e cultura galegas.

En 1874 retorna a Ourense, onde casa cunha antiga compañeira de estudos e se dedica á actividade xornalística e literaria. É considerado un dos pais do xornalismo galego e en lingua galega, xa que dirixiu e fundou varios xornais, tanto bilingües (*El Eco de Ourense*, *El Heraldo Gallego*) coma integramente no noso idioma, no caso que nos ocupa.

Como escritor destaca a súa obra poética, que combina elementos de carácter culto con elementos populares; é o caso do libro *Espiñas, follas e frores (Ramíños primeiro e segundo)*, publicado integramente en 1877. Tamén escribiu prosa, sendo a súa obra de maior éxito o *Catecismo d'a doutrina labrega*, primeira-mente publicada por entregas en *O Tío Marcos d'A Portela* e logo editado de maneira íntegra en 1888. Tivo até trece edicións publicadas en vida do autor, o que o converte nun dos libros de maior éxito na época, superando en popularidade incluso a Rosalía e aos seus *Cantares*.

Foi tamén un dos impulsores da creación da **Real Academia Galega** xunto con destacados persoeiros galegos como **Curros Enríquez** ou **Manuel Murguía** (primeiro presidente desta) pero desgrazadamente morreu o 4 de setembro de 1906, pouco antes da súa inauguración na Coruña. Por este motivo, foi nomeado membro fundador a título póstumo.

O Tío Marcos d'A Portela no Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Na **Sección de hemeroteca** da biblioteca auxiliar do Arquivo Histórico Provincial de Ourense consérvanse algunhas das **primeiras edicións** dos *parrafeos* de *O Tío Marcos d'A Portela*, correspondentes aos once anos que a publicación estivo en activo (1876-1889) baixo a dirección de Lamas Carvajal. Non se conserva ningún *parrafeo* do ano segundo. Tamén se conserva parcialmente un exemplar da terceira época con data 26 de maio de 1918, no período no que as Irmandades da Fala de Ourense recuperan o semanario despois da morte de Lamas Carvajal. Porén, na biblioteca pode consultarse una **edición facsímil** (ed. Edman: 1989) cuasi íntegra, con introdución de Filgueira Valverde.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA